# O ESTROBO

ANO XXXVII

Nº 49 MAIO 2016

CEIP O VICEDO



PATRICIA BALTAR

3º PRIMARIA


Carla Vale - 2º P


Paula Lamelas 6º P


Ana González 3º P


Alberto 3º P

# ÍNDICE


- EDITORIAL
- OS VIKINGOS EN O VICEDO
- LETRAS GALEGAS 2016: MANUEL MARÍA
- POEMAS DAS ESTACIÓNS DE MANUEL MARÍA
- OS POEMAS DOS NENOS
- POEMAS DE 4º EP
- 23 DE ABRIL: DÍA DO LIBRO
- 2016: ANO BISIESTO
- O MEU SOÑO É…
- CONTO: A GRAN AVENTURA DA PEQUENA CADELA MIMI.
- O NOSO SEMÁFORO
- COMIC: FILIPE MARLOT E O HOME DAS MIL CARAS.
- COMIC: O COCHE MISTERIOSO
- VIAXAMOS ÁS ORIXES DA TELEVISIÓN.
- HISTORIA DA TELEVISIÓN
- ACTIVIDADES CURSO 2015-2016
- OS MAIORES LEMBRAN PARA NÓS…
- CHISTES
- NON SÓ DE FÚTBOL VIVE O HOME
- VISITA DO CD BURELA FS
- PREMIÁRONNOS
- PASATEMPOS
- ACTIVIDADES EN INGLÉS

# Editorial

O Vicedo, maio de 2016

Queridos todos e todas:

Os nenos e as nenas de 6to escribimos esta carta con todo o cariño do mundo, como despedida, logo de estar nove anos xuntos.

Deixamos moitas historias e levamos un sin número de recordos, na súa maioría moi bos. Pero agora ábrese unha nova etapa fronte a nós, coa nosa marcha ao Instituto, onde agardaremos por vos, polos nosos queridos compañeiros.

Por iso isto non é un adeus, senón un "Ata logo".

Un agarimoso saúdo.

P.D. Non vos esqueceremos!

6to

Andrea   Eva R. C.   Yanira   Iria

Silvia   Sabela

# OS VIKINGOS

## EN O VICEDO

O luns catro de abril visitounos Iñaki, un arqueólogo de Pamplona que nos falou dos vikingos.

Aprendemos moitas cousas:

Moitos deles vivían nos montes escandinavos e nos fiordos e recorreron moitos países nas súas naves viquingas levándose todo o ouro que atopaban.



Lucas 1º



# Letras Galegas 2016
# Manuel María

Manuel María Fernandez Teixeiro naceu en Outeiro de Rei o 6 de outubro de 1929. En 1942 trasladouse a Lugo para estudar o bacharelato e, aquí comezou a súa carreira literaria participando, aos 20 anos, no ciclo de conferencias "Jóvenes valores Lucenses". Esta primeira conferencia serviulle para entrar en contacto cos integrantes da tertulia do café Méndez Núñez (Pimentel, Fole, Rof Codina ...) que o poñerán en contacto coa realidade galega, tanto interior como do exilio. Publica o primeiro poemario, "Muiñeiro de Brétemas" (1950), coa que se inagura a denominada "Escola da Tebra".

En 1958 instálase en Monforte como Procurador dos Tribunais e, ao ano seguinte casa con Saleta Goi. Nos anos sesenta e setenta, Manuel María participa na reorganización política, na clandestinidade dos partidos nacionalistas, e atende aos chamamentos e peticións que lle chegan de todas as organizacións que, ao longo e ancho do país, andan a traballar pola recuperación cultural: dende impartir conferencias ou recitar poemas a presentar a Nova Canción Galega.

A súa obra literaria diversifícase de acordo cos novos tempos: ensaio, narrativa, teatro ... sen abandoar o cultivo

da poesía. Do existencialismo e o seu pesimismo radical evolúe cara á unha poesía que rompe tanto no formal como na temática, con esta liña subxectiva para se comprometer co ser humano, coa súa realidade social, en definitiva, co seu pobo.
As súas actividades políticas culminaron coa súa elección como concelleiro en 1979. Son anos duros, e a súa participación nas campañas en defensa da lingua foi moi activa. En 1985 abandonou a militancia política para se dedicar por completo á actividade literaria e cultural e, dende a súa xubilación, residíu na cidade da Coruña. A súa xenerosa entrega foi recoñecida en 1995, na Homenaxe organizada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega na Coruña.
Manuel María faleceu na Coruña o 8 de Septembro do 2004.

# Principais obras

- Muiñeiro de brétemas.
- Aduento.
- Mar Maior.
- Morrendo a cada intre.
- Terra Cha
- Os soños na gaiola.
- Cancións do lusco ao fusco.
- Remol.
- Odes nun tempo de paz e de ledicia.
- Poemas ó outono.
- Auto do labrego.
- Libro de Pregos.
- Contos en cuarto crecente.

## PRIMAVEIRA





Están tódalas carpazas
co tilailo da súa flor.
¡No corazón das rapazas
nacen cantigas de amor!

Hai ledicia verdadeira
nas flores e nas espiñas.
¡Xa chegou a Primaveira
no bico das anduriñas!

Manuel María
(TERRA CHA, 1954)



EDUCACION INFANTIL 3/4 ANOS

# VRAO

O tempo do Vrao é tempo de calor.
O traballo é moito e vai pesando.
¡O sol non ten dó do labrador
e queima sen piedade xente e gando!

Manuel María

(TERRA CHA, 1954)






# OUTONO

CHEGOU O TEMPO DE OUTONO
PRÁS CASTAÑAS VAREAR
¡CHEGOU O TEMPO DO SONO
E A SAZÓN DE SEMENTAR!



(MANUEL MARÍA)






# INVERNO

Están os campos nevados
a xente xunto ás lareiras
os gandos encortellados
e os capós nas capoeiras

As bandadas de aves frías
a berrar polos nabales.
¡Son moi pequenos os días
grandes os temporales!

(MANUEL MARÍA)



# OS POEMAS DOS NENOS

## A primavera

Paseando polo xardín
vin moitas flores,
todas de diferentes cores.
No xardín voaban bolboretas,
a máis pequena era violeta.
Os paxaros cantaban
e tamén voaban.
Era un xardín moi fermoso,
e tamén moi oloroso.
Na primavera a paisaxe
está florida
e o campo cheo de margaridas.
No xardín das bolboretas,
hai paxaros, flores
e a pequena violeta.

Ana González Fra 3ºP.

## A BRUXA

Vouvos falar dunha bruxa,
que se chama Piruxa.
E ten unha rá
que ten unha á
Cando os nenos saen a xogar,
Piruxa lles fai chorar!
Cando o mago quérea parar,
Piruxa lles fai escapar!
Ela coa escoba voa ben baixa
e fai continuamente maxia.
O seu gato con sombreiro
toca o pandeiro
Aí é cando a bruxa lle fan rir
e non ruxir.

Patricia Baltar 3º P.

Patricia

## AS - ESTRELAS

As estrelas alumean o ceo,
o cuco ponse a cantar,
mentes non me durmo
voume poñer a contar:
unha, dúas, tres, catro...
Vou durmir que xa estou farto!

Germán 3º P

## HAI MOITO AMOR



O amor está no corazón,
é mais doce ca un bombón.
Hai amor! Hai amor!
É enemigo do rencor.
Por iso se demostra cunha flor.



ALBERTO 3º P

## O VICEDO

O porto do Vicedo,
ten moi boa vista,
vese Bares e o Barqueiro,
e a miña casiña.
No Vicedo hai
moitas casiñas,
árbores e flores
moi boniteñas.

Tamén se pescan peixes
berdeles, panchos e fanequiñas,
e os labradores,
plantan pataquiñas.

ANDREA 3º P

# POEMAS DE 4º



## Chega o verán

Cando chega o verán
a xente faise o folgazán,
e camiña sobre as olas,
as veces moi tolas.
Algúns van bañarse
para refrescarse
tamén pasean en barco
mentres eu aparco.

Carmen Díaz
Yaiza
Nerea
Carmen Fernández
Sonti
Lucía
Héctor
Mara
Marta
Alejandro

## O bosque e o tren

Neste bosque hai paxaros
todos os días se escoita o canto
para o tren a certa hora
veñe cargado de pasaxeiros

En inverno se conxelan
en verán se quentan
por baixo carreteras e ríos
Os árbores mais grandes os do fondo.



O mar das augas negras

O mar das augas negras,
ten moitas regras.
Tragase a xente que se porta mal,
pero todo é normal.

O mar das augas negras,
come moitas persoas.
Cando fai un tsunami,
arrapa a Maiami.

# A Lúa

A lúa é pequena
pero sencilla.
Brilla gracias a o sol
que é amarillo.



Lúa lueira é
moi alumbreira
ten sombreiro e
moito saleiro.

O Inverno

No Inverno,
todo o mundo se fai friolero.
E no Outono,
con as follas de color ouro.

No Inverno hai moita neve,
e a xente faise moi breve.
E no Outono,
hai moito sono.



A Tartaruga

Unha tartaruga moi pequeniña.
Unha tartaruga feliz e contenta.
Camiña co seu paso lento no
chan de cemento.

Ia a tartaruga pola capital,
la despistada con tanto autocar,
Buscaba unha tenda, quería comprar,
Un sombreiro novo e medias un par.



## Os paxaros

O paxaro vai a Madrid
mentres come moas
Volve para Verín
canta perdiz



O gorrión vai a León
e tamén é comilón
vai para Xapón
nun camión



O ceo está nublado.
O mar parece cansado.

O reloxo parara
¡Non sei que pasara!

De súpeto empezou a chover
e todo o mundo a correr.

## O meu gato e o meu can

Na miña casa teño un gato,
que sempre come nun prato.
Tamén teño un can
que lle gusta comer pan.

Cando se poñen a comer,
non paran de brincar e correr.
E cando van a durmir,
durmen cada un nun calcetín.

## Paxariños

Paxariños voando,
voan voan sen parar,
sempre están rindo,
tranquiliños no fogar.

Cando no seu niño,
voando polo Miño
sempre xuntos no camiño,
voan todos moi amodiño

## O gorrión

Este gorrión
é moi comilón
come chourizón
como un glotón.

Sempre vai en avión
co seu amigo Ramón
que se divirten un montón
xogando ao balón.





A primavera de cores
chea de flores,
e cos seus bailes
con miles de disfraces.





Enche o campo
todos os anos
como se cada día
fose unha alegría.



# DÍA DO LIBRO

O 23 de Abril celébrase o día do Libro.
Este ano, o Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar do CEIP de O Vicedo agasallounos cuns marcapáxinas para motivarnos a seguir lendo e disfrutar coas aventuras que atopamos nos libros.

GRAZAS POLO AGASALLO!



RÁ
Infantil, 1º e 2º

ESTRELA
3º e 4º

LÚA
5º e 6º

OVO FRITO
PROFESORES

# 2.016 → ANO BISIESTO

Cando é un ano bisiesto?

Un ano bisiesto é un ano con 366 días en vez de 365. Cada 4 anos, febreiro ten un día máis. Esto faise porque un ano oficialmente non ten 365 días, se non 365,25 días. Engadindo un día cada 4 anos soluciónase este problema.

No ano 44 A.C o emperador Xulio César adaptou o calendario xuliano, cando os anos pasaron a ter 365 días, divididos en 12 meses de 30 e 31 días, salvo febreiro con 28. Sendo conscientes os romanos de que os 365 días non eran un cálculo exacto cada 4 anos engadían 1 día máis ao calendario.

Máis tarde no ano 1582 o calendario gregoriano (promovido polo papa Gregorio XIII) sustituíu ao calendario xuliano é axustou un pouco máis o desfase que todavía existía co calendario xuliano engadindo excepcions aos anos bisiestos:

- Non serán bisiestos os anos múltiplos de 100 salvo si son tamén divisibles por 400.

Os anos actualmente teñen 365 días, 5 horas, 49 min e 12 segundos pese a este axuste aínda acumúlase un desfase de uns segundos. Terán que pasar 3200 anos para que se acumule un día de error.

Marta 4º D.

# O MEU SOÑO É...

* Ser profesora. Gustaríame porque me gusta ensinarlle cousas ás persoas. ANDREA V.F.

* O meu soño é ser pediatra. Porque me gusta curar, e tamén me gustan os nenos e quero que tódolos nenos e nenas esteñan sans e que non falten moitas veces ao cole porque teñen que aprender.

* O meu soño é ser profesora.
Quero ser profesora porque me gusta ensinarlle cousas á xente. E tamén quero que os nenos saiban cousas.
Eu, xa quería ser profesora dende os 6-seis. Sigo querendo!! Eu quero ser profesora de infantil!! Porque me gustan moito os nenos pequenos!
Ana González 3º P.

* O meu soño é ser profesora e pintora. Eso é por que me gusta axudar aos demais para que melloren e aprendan, e o de ser pintora é porque me gusta debuxar e pintar. Tamén teño máis opcións como... escritora, pero principalmente pintora e profesora.

Patricia Baltar 3º P.

# CONTO: A gran aventura da pequena cadela Mimi

Unha cadela chamada Mimi que estaba nunha gran mansión coas súas irmás: Sisi e Lili, xogaban tranquilamente no xardín.

Se divertían moito, un día, o outro e cada día se divertían máis aínda que o anterior. Eso era cando eran cachorras, pero cando medraron co tempo, todo cambiou: os donos estaban esperando a que se fixeran maiores as cadelas para vendelas, o malo era que Mimi era unha cadela xoguetona e desobediente, ao contrario, Sisi e Lili eran moi educadas e so xogaban de vez en cando.

Chegou o día, os donos deixaron as cadelas na tenda de animais e co tempo Sisi e Lili foron compradas por unha maravillosa familia de un neno e dúas nenas. Aquí empeza a aventura: o resto dos animais foronse vendendo cos anos, menos Mimi. A tenda pechou e Mimi quedou sendo unha cadela abandonada e sen fogar, foron meses duros para Mimi. Un día Mimi foi casa por casa, tal vez duraba un día pero despois botana. Un día chegou a pizzería e quedou varios meses alí ben coidada. Ata que un día viñeron os amos de Sisi e Lili con elas coller unhas pizzas, Lili, Sisi e Mimi empezaron a xogar e o dono da pizzería regalaronlle a Mimi. Desde entonces Mimi esta coas súas irmas moi feliz.

Patricia Baltar 3º P. Patricia

# O NOSO SEMÁFORO

O noso semáforo ten 3 cores, cores:
O amarelo, o verde e o vermello !!!!!
O semáforo pita, pita, pita
e Amparo grita grita
O semáforo pita, pita, pita
e Amparo grita grita.
O vermello significa, fica
que nos vamos a quedar
e non vamos a xogar.
O amarelo significa, fica
que vai a pitar.
O verde significa, fica
que non nos vamos a quedar
e vamos a xogar.
O semáforo pita, pita, pita
e Amparo grita, grita.
O semáforo pita, pita, pita
e Amparo grita, grita.




CARLA SALGUEIRO 3ºP.
ANA GONZÁLEZ 3ºP.

# Filipe Marlot e o home das mil caras




MARTA 4º F

# O COCHE MISTERIOSO...



# Viaxamos ás orixes

O enxeñeiro e físico escocés Jonh Logie Baird conseguiu hai 90 anos a primeira transmisión de televisión.
Baird foi un home inquedo e emprendedor que se atreveu con moitos proxectos antes de inventar a televisión.
En 1925 televisou unha imaxe estática nuns almacéns londinenses.
En 1926 emite as primeiras imaxes con movemento entre Londres e Nova York.
Creou a súa propia televisión.
Durante a Segunda Guerra Mundial centrouse en desenvolver a televisión en cor, realizou a primeira demostración con un tubo electrónico de tonalidades en 1942.



5º PRIMARIA

# HISTORIA DA TELEVISIÓN
















5º PRIMARIA

Halloween, Magosto, Nadal, Entroido

# ACTIVIDADES









# 2015-2016

Día da paz, Día da árbore, Cerámica Sargadelos, Museo do Mar

# ACTIVIDADES









# 2015-2016



FERNANDO COSTA MOTA

"Vin por primeira vez a televisión no ano 1976, nun pobo de Portugal. Xuntá bame cos amigos para ver algunha película. Á miña casa chegou moito máis tarde."

# Os maiores lembran para nós...

ENRIQUE GONZÁLEZ GARCÍA

"Lembro que a primeira vez que vin unha televisión foi nunha taberna onde se vendía de todo: zapatos, roupa, potas, gravata... Reuníase moita xente, os maiores xogaban ás cartas e vían o telexornal e películas do oeste; os pequenos vían Marco Polo e Heidi.

No ano 1962 chegou ao pobo a primeira televisión, a unha casa da montaña, e deixábanmola ver cando íamos pastar as vacas.

No ano 1975 compramos a nosa primeira televisión, era pequena e en branco e negro. Merquouna o meu avó na Coruña.

Antigamente só había unha canle e non había mando a distancia."



## 5º PRIMARIA

... nos escoitamos con atención



ORENCIO FANEGO MARTÍNEZ

"A primeira televisión que chegou ao pobo tróuxoa Armando.
Na miña casa a primeira vez que a vin foi na cociña, as televisións estaban sempre na cociña porque era onde estaba a xente.
Eu vía pouco porque tiña que traballar no "tarreo".
Naquela época cortábase moito a emisión, as imaxes eran en branco e negro e só había unha canle, a RTVE, despois foron aparecendo máis.
As televisións eran cadradas e pesaban moito."

CÁNDIDO CALVO

"A primeira vez que vin a televisión era moi pequeno, 5 ou 6 anos, e vina na casa dunha veciña, a señora Maruxa.
Iamos os sábados vela un pouquiño, xuntabamonos varios veciños. Víamos o telexornal, algunha película de "vaqueros" e programas musicais."



5º PRIMARIA

# CHISTES

Ja Ja Ja Ja Ja Ja

Dille o dentista a Pepe:

-Quere que lle durma as moas?

-Bueno, con tal de que desperten antes da cea.




* * *

Un home chama a súa muller:

-Meu amor, veño de chocar! Ven pronto! Hai moitos mortos!

-Meu Deus! Chocache cun autobús?

-Non, coa parede do cimiterio, pero teño medo.




* * *

Un amigo dille a outro:

-Que vas facer en Semana Santa?

-Eu? O mesmo que Xesús, desaparecer o venres e voltar o domingo.

**5º PRIMARIA**



# MÁIS CHISTES

- Papá, que se sente ao ter un fillo tan guapo?
- Non sei fillo, pregúntalle ao avó.



* * *

- Veñen os indios, xeneral!
- Son amigos ou inimigos?
- Deben ser amigos que veñen todos xuntos!

* * *

Dous alumnos chegan tarde:

- Por que chegades tarde? - di a mestra
- Eu estaba soñando que viaxaba por todo o mundo.
- Pois eu fun ao aeroporto recibilo




* * *

- Gústanlle os touros?
- Si, moito!
- Pois ten o mesmo gusto que as vacas.

**5º PRIMARIA**




Os alumnos de 6º de Primaria quixemos facer unha homenaxe aos grandes campións que fan que os deportistas españois sexan coñecidos en todo o mundo...




...a cantos coñeces ti?

- **Francisco Javier Gómez Noya.**



Deporte: Triatlón (combina natación, ciclismo e atletismo).

Francisco Javier Gómez Noya é un triatleta profesional cinco veces campión mundial, nos anos 2008, 2010, 2013, 2014 e 2015.

- **Mireia Belmonte.**



Deporte: natación

Mireia Belmonte é unha nadadora española, campiona mundial europea e dobre subcampiona olímpica, que compite nas categorías de estilos bolboreta e libre. Participou en dous xogos olímpicos.

- **Pau Gasol.**



Deporte: baloncesto

Pau Gasol Sáez é un xogador español profesional de baloncesto que actualmente xoga no Chicago Bulls

da NBA, a liga de baloncesto máis impresionante do mundo.

• Javier Otxoa.
Deporte: ciclismo



Javier Otxoa Palacios é un ciclista español e un deportista paralímpico destacado. Foi atropelado na estrada de Cármata o 15 de febreiro de 2001 mentres entrenaba co seu irmán xemelgo. Nos Xogos Paralímpicos de Atenas 2004 conseguiu duas medallas representando ao combinado español (unha de ouro e unha de prata.

• Marc Márquez
Deporte: Moto GP



Marc Márquez é un piloto de Moto GP español, de vinteún anos de idade.
Gañou varios títulos do Campionato do Mundo de Motociclismo das tres categorías existentes:
Moto 3 125 centímetros cúbicos, Moto 2 e Moto GP.

• Rafa Nadal.



Deporte: tenis

Rafa Nadal está considerado como un dos mellores xogadores da historia do tenis e o mellor de todos os tempos en terra batida.

• Carolina María Marín Martín.



Deporte: Bádminton

Carolina María Marín Martín é unha xogadora española de bádminton que compite na categoría individual, habéndose proclamado mundial no 2014 e 2015 e campiona europea no 2014.

• Javier Fernández López.

Javier Fernández é un patinador español, campión do mundo no 2015 e no 2016. Foi tamén catro veces campión de España nas categorías xuvenil e veterán.





• Teresa Perales.

Deporte: Natación.

María Teresa Perales Fernández é unha nadadora paralímpica española, gañadora de 22 medallas paralímpicas. Na actualidade é unha das deportistas con máis medallas na historia dos Xogos Paralímpicos.

Todos sentimos moita admiración por estos heroes pero non esquezades que cada un de nós tamén pode chegar a ser un campión se o intenta con todas as súas forzas.

Buscade o voso talento!

# VISITA DO CD BURELA FS

O mércores, 20 de abril, viñeron uns xogadores e un entrenador do CD Burela FS. Os xogadores eran Antoñito, Daniela e Silvia e como entrenador Cristian. Primeiro fixemos conduccións de balón por todo o campo, despois fixemos controis e pases, por último fixemos un partido moi grande. A min gustoume moitísimo porque me gusta o fútbol sala, tratáronme moi ben e tamén o pasei moi ben.



5º Primaria

# Premiáronnos!



Iria García Bellas gañou o concurso de pintura convocado polo Liceo de Pontevedra, Silvia Mª Martínez quedou 2da no concurso de Portos de Galicia. Tamén acadamos unha mención polo mellor traballo colectivo de creación, "El suelo".





# SUDOKU

O sudoku é un pasatempo que se popularizou en Xapón en 1986, aínda que a súa orixe está en Estados Unidos.

O sudoku é unha cuadrícula de 9 filas e 9 columnas, dividida en 9 caixas iguais de 3 filas e 3 columnas. Nela aparecen números do 1 ao 9.

O xogo consiste en:

Completar cada fila e cada columna cos números do 1 ao 9 sin que apareza ningunha cifra repetida en cada fila ou columna. Os nove números de cada unha das nove caixas han de ser todos distintos.

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 5 | 3 | | | 7 | | | | |
| 6 | | | 1 | 9 | 5 | | | |
| | 9 | 8 | | | | | 8 | |
| 8 | o | | | 6 | | | | 3 |
| 4 | 2 | | 8 | | 3 | | | 1 |
| 7 | 1 | | | 2 | | | | 6 |
| | 6 | | | | | 2 | 8 | 4 |
| 2 | | | 4 | 1 | 9 | | | 5 |
| 3 | | | | 8 | | | 7 | 9 |

6º

# Encrucillado

1. Nome do autor homenaxeado nas Letras Galegas '16
2. Cidade na que finou.
3. Lugar onde naceu.
4. Segundo apelido de Manuel María.
5. Cidade luguesa onde desenvolveu a súa actividade profesional.
6. Primeiro apelido.
7. Ocupación profesional de Manuel María.
8. Título do seu primeiro libro.




6º


Magic Words
HELLO
Hello, I'm Carla My favourite colour is pink I like apples and oranges Goodbye!!!
Hello, I'M Lorena My favourite colour is green I like bananas and oranges GOODBYE!!!
THANK YOU
HELLO, I'M Aitara MY FAVOURITE COLOUR IS BLUE I LIKE PEARS AND STRAWBERRIES GOODBYE!!!
Hello I'M Aldana My favourite colour is red I like apples and bananas Goodbye!!
PLEASE
Hello, I'M Mara My favourite colour is pink I like strawberries and bananas Goodbye!!!
SORRY
HELLO I'M DIEGO MY FAVOURITE COLOUR IS YELLOW I LIKE BANANAS GOODBYE!!
THANKS
GOODBYE
1st - 2nd Primary


PLEASE
THANK YOU
HELLO, I'M NOA MY FAVORITE COLOUR IS PINK I LIKE PEARS AND BANANAS GOODBYE !!!
Hello I'M Mona MY FAvourite colour is Red I like apples and Strawberries Goodbye!!!
THANKS
SORRY
HELLO, I'M DAVID MY FAVOURITE COLOUR IS RED I LIKE PEARS AND BANANAS GOODBYE!!!
HELLO, I'M ANDREI MY FAVOURITE COLOUR IS BLUE I LIKE PEARS AND BANANAS GOODBYE
HELLO, I'M ENRIKA MY FAVOURITE COLOUR IS GREEN I LIKE ORANGES BANANAS GOODBYE!!!
Hello, I'M Lucas MY FAVOURITE colour ORAnge I Like pears and Bananas GOODBYE !!!
HELLO
Hello I'm Ahmed my favourite colour is blue I like pears and bananas Goodbye !!!
GOODBYE
1st. 2nd Primary

# Remembering the Refugees

The conflict in Syria is now in its sixth year, leading to one of the most serious humanitarian crises in decades. Hundreds of thousands of people have been killed. Millions have been displaced. Homes, schools, hospitals, electricity and water facilities have been damaged or destroyed. Life has become almost impossible.

From O Vicedo School we would like to dedicate "**a toy for a refugee..**"















# Remembering the Refugees

A toy for a refugee.... From ...



















3rd Primary

# "ANIMALS RIDDLES." GUESS AND DRAW



1. • It has got a tail, likes catching mice and sounds like "hat"

• It's the _ _ _.






2. • It is green, jumps very well and sounds like "dog"

• It's the _ _ _ _.





3. It lives in the sea and sounds like " park "

• It's the _ _ _ _ _.







4. It is very small, eats cheese and sounds like " house "

It's the _ _ _ _ _.



4th Grade



5. • It has not got legs and sounds like "cake"



• It is the ______.





6. • It is very big, swims in the sea and sounds like "tail"

• It is the ______.



7. • It flies at night and sounds like "part"





• It is the ___

8. It eats grass and sounds like "now"

• It is the ___





4th Primary.

# NATURAL DISASTERS

## TSUNAMI

Tsunami is a series of waves in a water body caused by the displacement of a large volume of water, generally in an ocean or a large lake.

Indian Ocean in 2004 in Ao Nang. Krabi Province, Thailand



## HURRICANE

A severe tropical cyclone having winds greater than (74 miles per hour 119 kilometres per hour) originating in the equatorial regions of the Atlantic ocean or Caribbean Sea or the eastern regions of the Pacific Ocean.

"Katrina" on 29th August 2005 Mississippi USA



## VOLCANO

It's a rupture in the crust of a planetary-mass object, such as Earth, that allows hot lava, volcanic ash and gases to escape from a magma chamber.

Calbuco eruption on 22nd April 2005 Chile



## SNOWSTORM

Snowstorm is an event in which the varieties of precipitation are formed that only occur at low temperatures, such as snow or sleet, or a rainstorm where ground temperatures are low enough to allow ice to form.

On 1st March 2007 (USA) Minnesota



5th grade

## TORNADO

A tornado is a violently rotating column of air that is in contact with both the surface of the earth and a cumulonimbis cloud or, in rare cases, the base of a cumulus cloud.

On 25th May 2015 in Acuna City (Mexico)



## FLOOD

A flood is an overflow of water that sumerges land which is usually dry. It occurs as an overflow of water from water bodies, such as a river, lake or ocean.

North India floods in 2013



## EARTHQUAKE

An earthquake (also know as a quake, tremor or temblor) is the perceptible shaking of the surface of the Earth, resulting from the sudden release of energy in the Earth's crust that creates seismic waves.

On 16th April 2016

Ecuador



## FORAST FIRE

A forest fire is an uncontrolled fire occurring in nature. Sometimes, the forest fire is so large that it takes a long time for the fire fighting crews to gain control over the situation.

On 5th September 2008 - California (U.S.A)



5th Primary

# CARICATURES BY 6TH GRADE STUDENTS




Geluca by
Luisa by
Carlos by Paula
Rosa by Santi
Pilar by Simón
Luis by Iris
Paco by Eva
Toñito by Iria
Amparo by Sabela
SANDRA BY EVA
ORIGINAL



# W. Shakespeare and M. de Cervantes died 400 years ago



## Their lives

### Cervantes
- He was born in a small town near Madrid on 29th September 15[illegible]
- He joined the army twice. After the last battle he got married
- He wrote "Don Quixote" in prison. He died in Madrid

### Shakespeare
- He was born on April 23rd 1564
- His birthplace is "Stratford-upon-Avon"
- He married at the age of 18
- He had 3 children (2 girls and a boy)
- In his time his company was the most successful and his works were very popular

### Similarities
- They were both born around the same time.
- They both married
- Both were buried on the same day
- Both studied literature

## Their ideas

### Shakespeare
- He made his characters memorable
- He twisted comedy and tragedy

### Cervantes
- He used humour in his works
- He expressed his attitudes towards life: idealism and realism

### Similarities
- Both liked to twist their works
- They thought that politics were very corrupt.

## Conclusion

Both Cervantes and Shakespeare were amazing writers. They had talent that exceeded their time. Their works are a reminder of how excelled and great the time of "The Renaissance" was.



- Stratford Upon Avon
- Alcalá de Henares



## The similarities and differences of W. Shakespeare and M. de Cervantes

## Their works

### Shakespeare
- He was an artist of theatrical art.
- He wrote poetry too.
- He also was an actor.

#### His plays
- **Tragedies** — Romeo and Juliet
- **Comedies** — "Midsummer Night's Dream"
- **History** — Henry V
... etc

#### His poetry
- the Sonnets
- A Lover's Complaint
- the Rape of Lucrece
- Venus and Adonis
... etc

### Similarities
- They both were playwrights and poets
- Both wrote numerous plays and poems
- All of their writing was very popular and is still read today.

### Cervantes
- He wrote numerous plays. He also wrote many poems
- He is known for his novels. The most famous is "Don Quixote"

#### His poems
- "A la Guerra me lleva"
- "Bailan las Gitanas"
- "Cuillejos" ...
etc.

#### His stories
- "Don Quixote"
- La Galatea
- "Novelas Ejemplares"
- Persiles y Segismunda

6th Grade


Lucía Fdez.


Nerea Fdez. 4º


Vanesa Carballeira